

REPRESENTACIÓN LITERARIA DA MEMORIA
E CONSECUCIAS DA TRANSICIÓN NA SOCIEDADE
GALEGA POSFRANQUISTA: APROXIMACIÓN
Á NOVELA *O TEMPO EN NINGUNHA PARTE*,
DE XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA

Diego Rivadulla Costa

Departamento de Letras, Facultade de Filoloxía, Universidade da Coruña,
Rúa Lisboa 7, 15008 A Coruña, España
diego.rivadulla@udc.gal

Literary representation of memory and consequences of the transition to democracy in post-Franco Galician society: a study of the novel *O tempo en ningunha parte*, by Xosé Manuel Martínez Oca

Abstract: The present work is situated at the intersection between literary studies and cultural memory studies. The object of the study is *O tempo en ningunha parte* (2003), a Galician novel written by Xosé Manuel Martínez Oca. It was published in the context of the memory boom in Spain since the year 2000. The literary representation of memory, or “mimesis of memory”, will be studied in the novel in order to understand the processes and cultural dynamics of the memory of the Spanish Civil War and Francoism in the society of 1985. *O tempo en ningunha parte* reflects the consequences of the politics of forgetting in the Spanish transition to democracy in the silence about the past that involves a detective plot. In addition, the novel proposes a critical interpretation of the process of democratization in Galicia and in the whole of Spain. With the use of “mimesis of memory”, the author advances the memory conflicts that will take place in Spain from 2000. The author takes sides in the public debate on the interpretation and management of the recent traumatic past.

Keywords: memory novel; contemporary Galician narrative; cultural memory; Francoism; Spanish Transition; mimesis of memory

Resumo: O presente traballo sitúase nunha das interseccións entre o ámbito dos estudos literarios e os estudos da memoria cultural e toma como obxecto de estudo a novela galega *O tempo en ningunha parte* (2003), de Xosé Manuel Martínez Oca, publicada no contexto do *boom* memorialista que se desenvolve en España a partir do 2000. A través do estudo da representación literaria da memoria ou «mímese de memoria» na novela, pretendemos

comprender os procesos e dinámicas culturais que o recordo da guerra civil e o franquismo provocou na sociedade de 1985, ben como o discurso que a novela emite no debate contemporáneo sobre o pasado que ten lugar na esfera pública. *O tempo en ningunha parte* reflicte as consecuencias das políticas de esquecemento da Transición a través do silencio sobre o pasado que envolve toda a trama de investigación. Ao tempo, a novela propón unha lectura crítica do proceso de democratización en Galiza e no conxunto do Estado español. Mediante a mímese de memoria, o autor adianta os conflitos pola memoria que se desenvolverán en España desde o 2000 e posiciónase de forma clara e crítica co discurso que proxecta no propio debate público sobre a interpretación e xestión do pasado traumático recente.

Palabras chave: novela da memoria; narrativa galega actual; memoria cultural; franquismo; Transición española; mímese de memoria

1. Introducción

O presente traballo sitúase nunha das interseccións entre o ámbito dos estudos literarios e culturais e os estudos da memoria. Do encontro destes dous campos de investigación teñen emerxido nos últimos anos novas e interesantes áreas de análise como a da representación literaria da memoria, tamén denominada «memoria na literatura» ou «mímese de memoria», e que se basea no presuposto de que a literatura se relaciona con outros discursos memorialísticos contemporáneos e ilustra funcións, procesos e problemas da memoria no medio ficcional (Erlil e Nünning 2016: 248). Tal e como teñen sinalado Astrid Erlil e Ann Rigney (2006), a literatura pode funcionar como medio a través do que observar non só os mecanismos da lembranza individual, senón tamén a produción de memoria cultural nun determinado contexto, pois ao representar ficcionalmente os actos de recordo colectivo, faino observable, contribuíndo ao coñecemento sobre como funciona a memoria nos grupos sociais. Neste sentido, podemos dicir que, como mímese da memoria cultural, «[...] literature reflects upon the epistemology, ethics, and workings of collective memory and, as such, it engages in a dialogue with historians and sociologists regarding the interpretation of the past and the forms appropriate to it» (Erlil e Rigney 2006: 113). Para alén diso, Birgit Neumann, quen se ten ocupado de estudar en profundidade as narrativas de ficción que tornan visíbeis os procesos de construción da memoria colectiva, nas que os procesos de rememoración son un tópico central, sinala:

Muitos romances contemporáneos problematizam os procesos de rememoração a um meta-nível e chamam a atenção para os modos como as memórias são construídas. Este tipo de ficções da meta-memória, como as poderíamos adequadamente designar, combinam memórias pessoalmente engajadas com perspectivas criticamente reflexivas sobre o modo de funcionamento da memória, tornando, desta forma, a questão de como nós recordamos o conteúdo central da rememoração (Neumann 2016: 272).

É coñecido que en Galiza, como no conxunto do Estado español, nas dúas últimas décadas vimos asistindo á eclosión dun *boom* memorialístico, caracterizado polo rexurdir do pasado da guerra civil e do franquismo no espazo público e pola emerxencia do fenómeno de «recuperación da memoria histórica» das vítimas da represión franquista, que atinxe tanto a sociedade civil como a política, os medios de comunicación ou o ámbito cultural e artístico a partir do ano 2000 (Ruiz Torres 2007: 9). Aínda que

o proceso debe ser explicado a partir das circunstancias internas, políticas e sociais, que marcaron o desenvolvemento da memoria cultural en España ao longo do século XX, foron moitos os autores que o puxeron en relación co contexto de interese internacional pola historia recente e cun proceso moito máis amplo de debate, recuperación e elaboración dos pasados traumáticos que se produce en moitos países da Europa occidental (Bernecker e Brinkmann 2009; Gómez López-Quiñones 2011), e que vai acompañado dunha forte preocupación pola experiencia humana (Santamaría Colmenero 2013: 14). Semella evidente que o rexurdir público do pasado violento e ditatorial en Galiza e en España debe inserirse no marco dun fenómeno global, que algúns autores como Andreas Huyssen teñen denominado «cultura da memoria»:

Uno de los fenómenos culturales y políticos más sorprendentes de los últimos años es el surgimiento de la memoria como una preocupación central de la cultura y de la política de las sociedades occidentales, un giro hacia el pasado que contrasta de manera notable con la tendencia a privilegiar el futuro, tan característica de las primeras décadas de la modernidad del siglo XX (Huyssen 2002: 13).

Para o historiador Pedro Ruiz (2007: 28-30), a memoria colectiva e histórica en España, quere dicir, os discursos referidos á lembranza do pasado traumático da guerra e do franquismo, teñen moito en común con outras formas de memoria similares da Europa de posguerra, a do trauma colectivo do fascismo e do nazismo, ou a da Segunda Guerra Mundial e a loita contra o esquecemento das vítimas, mais coas particularidades de non teren aparecido no noso contexto até finais dos noventa e, sobre todo, a partir do 2000 –debido á longa duración da ditadura e ás particularidades da Transición política á democracia–, momento en que a sociedade galega –e a española– entrarían na «memoria europea contemporánea», a cultura da memoria do pasado recente e traumático. Con efecto, podemos dicir que nese momento as memorias da represión que sucedeu ao golpe de Estado de 1936 contra a República, que durante décadas permaneceran ocultadas e que se conservaran e renovaran oralmente –de maneira case clandestina– no ámbito familiar e privado, onde se transmitiran aos descendentes das vítimas, comezan a ser apreciadas no contexto dunha cultura da memoria contemporánea a nivel global como unha fonte de coñecemento útil para a sociedade por parte dunha xeración máis nova –maioritariamente a dos chamados «netos da guerra»– a quen interesa o que pasou, recuperar a memoria e incorporala ao coñecemento histórico, falseado por anos de memoria oficial da ditadura (Domínguez e Somoza 2013: 77).

Houbo que agardar, pois, até o cambio de milenio para que en Galiza, paralelamente ao que sucede no resto do Estado, se producise o que Isabel Cuñado (2007) denominou un «espertar tras a amnesia», onde a «recuperación da memoria histórica» se viu impulsada polo movemento asociativo de profunda base social que xorde no ano 2000 coas primeiras exhumacións de fosas comúns e coa creación de, entre outras, a Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica,¹ e que reivindica xustiza, verdade e reparación para as vítimas do franquismo. Este *boom* de memoria, como foi sinalado, provoca a emerxencia e proliferación de exercicios e narrativas

¹ Sobre as exhumacións e as orixes da asociación dirixida por Emilio Silva, véxase a súa completa páxina web: <<http://memoriahistorica.org.es/>>.

sobre o pasado tamén no ámbito cultural, e especialmente na literatura –tanto en lingua galega como española, catalá ou vasca–, onde vai ter como máximo expoñente a denominada «narrativa da memoria» sobre a guerra e o franquismo, xénero que conta cun desenvolvemento extraordinario nas últimas dúas décadas en Galiza, desde a publicación da exitosa *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas.² Estas novelas participan, de acordo con Hansen e Cruz Suárez (2012: 39), no diálogo multivocal e multireccional que ten lugar na esfera pública do Estado español e das súas rexións «a través del cual –o de los cuales– se está negociando la manera de comprender la realidad política, cultural y social mediante la interpretación de la historia reciente». Con vistas á análise que a seguir emprenderemos, cómpre sinalarmos, así mesmo, que o debate público sobre o pasado republicano, a guerra e a posguerra condensa, ademais, unha disputa dobre o significado da Transición, isto é, a loita pola hexemonía da interpretación do pasado está estreitamente vinculada á vontade de establecer unha lectura dominante sobre o proceso transicional español, tal como sinala Sara Santamaría (2013: 17-18).

É neste contexto onde temos que situar a publicación d’*O tempo en ningunha parte* (2003), a obra do escritor galego Xosé Manuel Martínez Oca da que nos imos ocupar nas páxinas que seguen. O noso obxectivo é analizar a representación ou mímese da memoria cultural nesta novela a partir do retrato ficcional que o autor realiza da sociedade de 1985, ano en que se localiza a acción, pois é a nosa hipótese que tal retrato reflicte de maneira realista as dinámicas sociais da memoria colectiva da guerra civil española e da ditadura franquista do momento. En relación con isto, e consonte o sinalado anteriormente, deterémonos tamén a estudar o diálogo que, no contexto memorialístico en que ve a luz novela, se establece entre a interpretación do pasado que esta propón e as lecturas proxectadas por outros axentes sociais, nomeadamente polos historiadores, coa intención de definir o discurso con que Martínez Oca se posiciona a través da súa obra no debate público contemporáneo.

2. Sobre a novela e o seu lugar na produción do autor

No ano 2003 saía do prelo *O tempo en ningunha parte*, de Xosé Manuel Martínez Oca, un narrador de longa traxectoria no sistema literario galego, con máis dunha decena de novelas e varios libros de relatos publicados desde que se dera a coñecer na segunda metade dos setenta. A través dunha complexa estrutura formada por dous relatos –un principal e outro secundario ou intercalado– que teñen cadanseu fío argumental e que se relacionan, se alternan e se entrecruzan, xunto coa confluencia de varias voces narrativas, Martínez Oca compón unha obra que reflexiona –e fai reflexionar– sobre o pasado traumático da guerra civil e da ditadura franquista, así como sobre a pervivencia e a xestión deste na contemporaneidade que representa unha pequena vila galega do ano 1985.

O autor xa se tiña achegado ao tema do pasado recente en parte da súa produción anterior, especialmente n’*A fuxida* (1980), un dos seus primeiros libros, e en *Todo*

² A respecto do desenvolvemento da narrativa galega da memoria, poden consultarse os traballos de John Thompson (2009) e Dolores Vilavedra (2006; 2015).

o peso do ceo (1997). A primeira é unha novela breve localizada nos derradeiros anos do franquismo sobre a fuxida cara á liberdade que representa para o protagonista, un convencido militante antifranquista, unha viaxe á cidade suíza de Xenebra, tras estar preso a causa da súa intensa participación na loita política clandestina. *Todo o peso do ceo*, pola súa banda, presenta unha historia ambientada nos duros anos da posguerra española sobre os derradeiros seitureiros galegos que ían traballar a Castela, mostrando un elenco realista de personaxes que reflicten o lado máis escuro da ideoloxía franquista. No entanto, n' *O tempo en ningunha parte*, a obra que agora nos ocupa, Martínez Oca non só se achega a esa realidade histórica concreta do país, senón que a través de procedementos metaficcionais se posiciona sobre o tratamento literario da guerra e da ditadura, sobre o uso dese pasado por parte do poder e da sociedade e, especialmente, sobre a memoria e desmemoria daquel tempo e sobre a pervivencia de certas actitudes supostamente superadas na época democrática. A respecto disto, a novela foi definida pola crítica, coidamos que de maneira acertada, como un «axuste de contas», unha obra política e comprometida coa historia e coa realidade (Martínez Bouzas 2004).

O tempo en ningunha parte está formada por seis grandes capítulos de estrutura e extensión desigual, divididos á súa vez en varios subcapítulos numerados, máis un epílogo intitulado «Remate...?» que dá conta do final aberto da novela. A acción principal da obra sitúanos no ano 1985 e corresponde a unha investigación narrada en primeira persoa polo seu protagonista, un anónimo técnico de minas que chegara por motivos laborais á vila ficticia de Portelo da Moura, no interior de Ourense, e comezara a indagar sobre un vello amigo do seu pai e veciño do lugar, Tomás Pazos, que se exiliara en Bos Aires tras a guerra civil e do que non volvera ter novas desde o seu regreso a Galiza a comezos dos anos cincuenta. Os numerosos feitos que van sucedendo na contemporaneidade do ano 1985 no transcurso da indagación reflicten unha sociedade atrasada e amnésica, que vive ancorada na opresión e no caciquismo franquistas aínda dez anos despois da morte do ditador. Porén, as reticencias da xente do Portelo para falar do pasado serán suplidas pola astucia detectivesca do protagonista, ben como pola memoria selectiva do pai deste e doutros personaxes secundarios como o impresor Ramón Couce, o neto do antigo cacique da vila, Maximiliano Barral, ou Rosa Liñares, quen fora o gran amor de Tomás Pazos. A partir da escasa información que vai conseguindo, o anónimo protagonista decide comezar a escribir unha novela na que conxugar os datos que está a descubrir con moitos outros que responden á imaxe idealizada que tiña construído sobre o suxerente personaxe investigado. Así é como ao relato primario se incorpora un segundo relato secundario ou metadiexético, que se corresponde coa fictiva obra, na voz dun narrador omnisciente en terceira persoa que desenvolve a historia de Tomás, coñecido na vila como Sito do Zoqueiro, desde que este regresara do exilio nos cincuenta e comezara a mover fíos para reconstruír unha guerrilla da que xa só quedaban no monte os derradeiros sobreviventes.

O primeiro nivel narrativo presenta, xa desde o comezo, un diálogo entre dous planos temporais a través da investigación do narrador protagonista desde a actualidade

do ano 1985 da vida de Tomás Pazos no pasado da posguerra. Estes dous planos –o dos anos cincuenta e o dos oitenta– manteranse ao longo da obra e será a través do xogo entre eles que se desenvolve a narración dese relato primario e que xorde, á súa vez, o relato secundario. Coa introdución na diéxese dun segundo nivel narrativo, que poderíamos denominar hipo ou metadiexético e que corresponde á novela intercalada de Tomás Pazos ao regreso do exilio, o narrador homodiexético do primeiro nivel convértese aquí en responsábel dun relato no que actúa como narrador hipo e extradiexético. A partir de aí, por tanto, os dous discursos desenvólvense paralelos, alternándose, coa particularidade de que comparten o narratorio e de que algúns dos personaxes que dialogan co narrador protagonista na diéxese principal –como o cura Baldomero, Ramón Couce ou Rosa Liñares–, aparecen tamén como personaxes da novela intercalada, xa que tiveran algún papel na vida de Pazos, rompendo a fronteira entre ambos niveis ficcionais. No entanto, o carácter polifónico da novela non se limita a estas dúas voces narradoras, senón que a partir da presentación de dous personaxes fundamentais na vida de Tomás como son o cura –representante dos máis puros valores falanxistas e defensor dos abusos da represión franquista– e Rosa, vanse intercalar tamén na novela partes de monólogo interior de ambos, que achegan ao lector información –a maioría das veces contraditoria– sobre a historia de Tomás, que se afasta da que o protagonista ofrece na súa ficticia novela. Trátase da incorporación de dous novos puntos de vista, dúas memorias enfrontadas sobre o pasado da guerra e do franquismo que complementan o relato principal.

A reflexión sobre as consecuencias da guerra e a represión franquista que a novela propón a través desta complexa estrutura complétase coa análise dos misterios da sociedade actual, como sinalou Eyré (2004), mediante o desenmascaramento do clan dos Barral. Aqueles que, unha vez triunfou o levantamento franquista do 1936, expropiaran todos os bens á familia de Tomás Pazos, que –como coñeceremos na investigación– fora deputado durante a segunda república e tentara levar o progreso á pequena vila do Portelo, teñen un digno sucesor no descendente Maximiliano Barral, que procurará por todos os medios que o protagonista da novela abandone a súa investigación e acabará por tomar a xustiza pola man provocando un accidente en moto da súa muller, Charo, unha vez que descobre a súa posíbel infidelidade con aquel.

3. Pacto de silencio, amnesia e suspensión da memoria no posfranquismo

Como foi sinalado, a través da localización da acción principal en 1985, Martínez Oca desenvolve un interesante retrato dos primeiros anos do posfranquismo, marcados polas consecuencias inmediatas da Transición española da ditadura á democracia. O autor constrúe unha visión crítica da sociedade galega da altura, colocando o foco na xestión da memoria e do pasado recente. Ao longo da súa investigación sobre Tomás Pazos, o protagonista vese obrigado a loitar contra a desmemoria colectiva, de xeito que as principais dificultades do proceso detectivesco que ocupa a da trama narrativa veñen dadas polas reticencias dos veciños do Portelo a falar dos feitos que rodearon a vida de Tomás –e de todo o que teña que ver con aqueles anos que seguiron ao 1936–, ben como das ameazas dos herdeiros do franquismo que, como

Maximiliano Barral, insisten en non reabrir «vellas feridas». A existencia dun pacto tácito de silencio entre os veciños, que son as únicas testemuñas da historia que se pretende descubrir, é o principal reto da trama de investigación e incluso remite na mente do protagonista para o filme *Conspiración de silencio (Bad Day at Black Rock)*, permitindo a Martínez Oca dirixir unha forte crítica contra o desenvolvemento do proceso transicional, en ocasións de maneira explícita a través das palabras do narrador:

Rematara a dictadura [...] e agora todo o mundo era demócrata de toda a vida, así que do pasado daquela xente mellor non falar, o recordo podía ferir moitas susceptibilidades e as feridas volveríanse abrir sen proveito para ninguén. Mellor calar, esquecer e deixalas cicatrizar, porque non hai nada máis verdadeiro que eso de que o pasado, pasado está, e por máis voltas que queiramos darlle non hai ninguén que o poida modificar (*OTENP*: 82).³

A sensación de conspiración de silencio é corroborada por Basilio, amigo e cómplice do protagonista na investigación, quen dá na chave do asunto ao sinalar que «[...] a pesar de levarmos tres anos co PSOE a gobernar en Madrid, dá a impresión de perduraren os medos e os silencios da peor época da dictadura» (*OTENP*: 40). Con efecto, tras a morte de Franco en 1975, a chegada da Transición á democracia no Estado español abría un novo contexto de esperanza en que se daba a posibilidade de impulsar unha efectiva reconstrución da memoria histórica democrática, mais as expectativas ben logo se verían frustradas, segundo Carlos Velasco (2012a: 76): «[...] o pacto de silencio que presidiu todo o proceso de restauración da Monarquía Borbónica deixou em águia de castanhas as iniciativas de revisom do noso pasado republicano e bélico-civilista». A ditadura ocultara durante corenta anos a memoria da guerra e das vítimas ao tempo que creara, alentara e cultivara a súa propia memoria (Fernández Prieto 2009a: 31), mais o sucedido no período transicional é, como sinala Paloma Aguilar (1996), fundamental, dado que a perspectiva desde a que vemos hoxe 1936 está absolutamente condicionada polo prisma da Transición, cuxo suposto éxito tende a atribuírse a un pacto entre os reformistas do réxime e os moderados da oposición antifranquista, que a bibliografía ten denominado indistintamente «pacto de silencio» ou «pacto de olvido» –e tamén «de amnesia»–, en referencia á decisión colectiva de «pasar páxina» do pasado violento na que o silencio foi unha das consecuencias máis importantes (Aguilar e Payne 2018: 15-18). O certo é que, a pesar da grande curiosidade que xurdiu polo pasado tras a morte do ditador, no ámbito político, e en boa medida tamén no social, como mostra a novela de Martínez Oca, triunfou a idea de arrombar o pasado (Aguilar e Payne 2018: 139). Para o historiador Lourenzo Fernández Prieto:

No hubo un pacto de silencio de los políticos en la Transición sino un pacto del que participó la inmensa mayoría de la sociedad. Un acuerdo general de mirar hacia adelante y olvidar lo que el franquismo había hecho recordar hasta el último minuto de la vida del Dictador: la guerra como victoria de unos y derrota de otros (Fernández Prieto 2009b: 131).

Este acordo social é incomprendible para o narrador-protagonista da novela, que reflexiona en reiteradas ocasións sobre o mantemento do silencio arredor do pasado,

³ Citaremos a novela, de aquí en diante, coa sigla *OTENP* seguida do número de páxina e pola edición que se recolle na bibliografía.

chamando a súa atención de maneira especial o feito de que participen del tanto os herdeiros do franquismo como os antifranquistas. Entre estes últimos cóntase un dos seus interlocutores, o impresor Ramón Couce, que facía ostentación dun pensamento progresista e da súa antiga militancia de esquerdas e antifranquista, mais que logo se mostraba «cheo de reticencias á hora de responder a preguntas sobre calquera clase de asunto no que estivesen involucradas aquelas familias que se fixeran co poder na vila durante o franquismo» (*OTENP*: 82). Nunha interesante conversa entre Couce, que defende a implantación do comunismo, e outro veciño da vila, este repróchalle a aquel a súa inanición e o seu esquecemento do pasado: «¿E como loitas pola implantación dese comunismo? [...] ¿Silenciando todos os atropelos que viviches e de que fuches testemuña desde o levantamento fascista ata hoxe?» (*OTENP*: 181).

As palabras do personaxe chaman a atención sobre dous importantes feitos: por un lado, o de que o silencio sobre o conflito do 36 comezara xa nos tempos da guerra civil e continuara ao longo da ditadura, motivado en parte polo medo e a autocensura colectiva; e, por outro lado, o de que o programa de reconciliación da Transición, na realidade, xa se vén formulando, nunha versión precoz e cun obxectivo evidentemente diferente, polo PCE desde a segunda metade dos anos cincuenta, ao propugnar a denominada «política de reconciliación nacional» que foi callando en moitos dos sectores e elites do antifranquismo ao longo de vinte anos (Fernández Prieto 2009b: 134). Esta lóxica da reconciliación que comeza a establecerse no seo da ditadura e da oposición desde os cincuenta, tal e como explica Fernández Prieto (2011: 99), marcou desde este momento a relación co pasado, nunha lectura en que reconciliación se entende como esquecemento da guerra civil, como «amnistía» e decisión de «botar ao esquecemento» aspectos traumáticos da guerra civil e a represión, e na que non hai, por suposto, políticas de reparación:

Como consecuencia de la forma en que se pudo realizar la Transición y para entender el problema que tenemos con la memoria, es preciso señalar que los herederos políticos de la República abdicaron de su recuerdo y, desde luego de su reivindicación, después de 1978. Se asumió la construcción del olvido como una necesidad con largas raíces, pero que contó –y es necesario recalcarlo para evitar las visiones conspirativas– con un gran consenso social y, por supuesto, también político (Fernández Prieto 2009b: 134).

Martínez Oca radiografía con acerto as causas da «suspensión da memoria», seguindo a terminoloxía de Francisco Espinosa (2006: 171-204), que caracteriza a etapa de 1983 a 1996, posterior á Transición –que estivera dominada polas «políticas del olvido» (1977-1981)– e previa ao «resurgir de la memoria» producido nos últimos anos da década dos noventa e a partir do 2000, momento en que aparece a novela. A lectura crítica e desmitificadora que o autor realiza do proceso de democratización en España, considerado durante anos como modelo internacional de ruptura co pasado traumático e de proceso pacífico grazas á moderación e ás cesións mutuas,⁴ está na

⁴ Tal e como sinala Fernández Prieto (2009b: 132): «[...] el entendimiento entre Adolfo Suárez, como dirigente de la generación heredera del Régimen que ganó la guerra, y Santiago Carrillo, como representante de la generación que había hecho y perdido la guerra, y por ende de la opción política más conspicuamente identificada con el bando perdedor y con el antifranquismo, representa a la perfección este acuerdo fundacional y las razones políticas del mismo».

liña da interpretación proposta por historiadores como o xa citado Carlos Velasco (2012b), no ámbito galego, ou Ferrán Gallego (2008), no estatal. A respecto disto, será doado situar o discurso con que *O tempo en ningunha parte* se posiciona no debate público actual sobre o pasado á par daquelas posturas favorábeis á recuperación da memoria das vítimas individuais e colectivas do franquismo, caracterizadas por seren moi críticas coa Transición –á que acusan de ter propiciado o esquecemento e a impunidade cos represores franquistas– e por reivindicaren a memoria democrática da República e dos que loitaron por ela, o que vai acompañado dunha exixencia de reparación moral, política e xurídica das vítimas (Ruiz 2007: 17). Con todo, a visión crítica da Transición que establece a novela de Martínez Oca non se reduce á cuestión do silencio, senón que, na liña das interpretacións historiográficas antes mencionadas, a recreación do Portelo da Moura en 1985 sinala as insuficiencias democráticas do proceso transicional, ben como o papel hexemónico asumido en todo momento polos epígonos do franquismo (Velasco 2012b: 110) e a súa pervivencia na Galiza democrática, como veremos a seguir.

4. O resultado da Transición: a pervivencia do franquismo na Galiza democrática

Unha das cuestións que consideramos máis interesantes dos relatos sobre o franquismo que, como *O tempo en ningunha parte*, combinan esa acción situada no pasado con outra localizada na contemporaneidade do autor/lector –o ano 1985 neste caso– é o diálogo que se establece entre ambos planos temporais na propia novela, así como a reflexión que, desde o presente, se produce sobre o pasado a representar ou reconstruír. No relato que nos ocupa, onde pasado e presente se conectan a través da investigación que vertebra a obra, como xa foi comentado, o autor describe unha sociedade actual atrasada e amnésica que garda excesivas similitudes co seu pasado. A vinculación establecida de maneira intencionada entre o presente e o pasado franquista desde o punto de vista político e social, incide na idea de inmovilismo, ben como na herdanza da ditadura na época democrática e a pervivencia de moitos elementos que se deran por superados unha vez finalizada a denominada Transición. Esta visión explíctase, de novo, nas numerosas conversas do protagonista con varios dos personaxes secundarios, especialmente co seu colega Basilio Abella, co que garda certa afinidade ideolóxica e comparte opinións socio-políticas:

Si, é certo, rematou o franquismo, aceptaban sen ocultar o seu escepticismo, ou máis ben o seu conformismo; pero os que mandaban daquela son os mesmos que seguen a mandar agora, as súas posicións actuais están completamente consolidadas e os que pasearon xente e se apoderaron das propiedades dos seus inimigos son agora os donos delas a todos os efectos, sen que nin sequera lle pase pola imaxinación que os dereitos de que se gaban estean baseados na rapina e no crime, de modo que o mellor que se pode facer é deixalos estar porque en caso contrario pódenselle crear problemas a todos (*OTENP*: 82-83).

Do noso punto de vista, a crítica á Galiza actual que se estende ao longo de toda a acción localizada no ano 85 está enfocada, para alén de no mantemento do silencio

hermético en torno ao pasado, na pervivencia das clases dirixentes franquistas e dos seus privilexios. A respecto disto, poderíamos dicir que a herdanza do franquismo se reflicte ao longo da obra nas referencias á situación política autonómica e estatal, por un lado, e en clave local, por outro. Tanto no discurso do narrador coma nos diálogos que mantén cos veciños do Portelo da Moura atopamos múltiples alusións ao clima político do momento, con especial atención ás eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebraran en novembro dese ano 1985. Así analiza o protagonista, por exemplo, a convulsa campaña electoral que precedeu á segunda lexislatura do goberno autonómico galego:

A efervescencia da campaña para as eleccións ó Parlamento de Galicia se esforzaba en colocar a mensaxe de non haber máis opción válida que a dos partidos estatais, con especial compracencia nas forzas conservadoras capitaneadas polo vello ministro da ditadura franquista Manuel Fraga, representado no país para a ocasión por un vello galeguista conservador, de aparencia moderada e incompetente, buscado a man tenta para tratar de temperar o reaccionarismo evidente daquela tropa residual dos tempos franquistas (*OTENP*: 55).

O narrador-protagonista, un convencido home de esquerdas e de forte compromiso nacionalista, non dubida en revelar a súa filiación política nin en mostrar o seu desencanto polo triunfo da Coalición Popular de Fernández Albor naqueles comicios do 24 de novembro, ofrecendo unha persoal análise dos resultados.⁵ En xeral, esta radiografía política da Galiza do 1985 que se desenvolve n' *O tempo en ningunha parte* serve para criticar a situación de supeditación e inferioridade en que o autor considera que segue a vivir o país no novo modelo territorial de estado recollido na recente Constitución do 78 e tras os cambios producidos na Transición, así como o mantemento daqueles mesmos dirixentes que decretaban a carón de Franco nos novos gobernos democráticos. O que vén dicir o narrador –e o autor implícito– é que mudou o sistema político mais non mudaron os seus dirixentes, polo que na práctica todo seguirá máis ou menos igual. Trátase, de novo, dun discurso que censura o propio proceso que se tería visto consolidado naqueles anos en que se localiza a obra, tras a chegada de Felipe González ao goberno de España.

Precisamente, o comezo do mandato do Partido Socialista Español que se tiña producido no ano 1982 convértese ao longo da novela nun tema recorrente, xa que si é percibido como un cambio político transcendente para o Estado, especialmente por parte daqueles personaxes que representan o franquismo e os seus sucesores: o cura e Maximiliano Barral.⁶ Así se refire o primeiro deles nun dos seus monólogos

⁵ Coidamos que é abondo interesante como para reproducila aquí: «O día vintecinco, coa sensación de impotencia incrementada polo triunfo case sen paliativos nas urnas das forzas reaccionarias da Coalición Popular, a piques de acadaren a maioría absoluta no Parlamento, pasei pola empresa a facerlle unha visita a Ignacio para falarmos sobre a marcha do traballo, aínda que do que máis conversamos foi do resultado das eleccións, non por esperado menos frustrante para min, diante da paupérrima presenza que os nacionalistas de esquerdas ían ter unha vez máis no parlamento galego. El, votante dos socialistas españois, non estaba tan desgustado: o partido incrementara en seis deputados a súa representación e eso parecíalle importante, aínda que así e todo dicía non comprender a indiferencia e o conformismo con que os galegos colaboraban para que seguisen mandando os de sempre, os causantes de todos os males do país» (*OTENP*: 62-63).

⁶ O propio Martínez Oca lembra, nunha entrevista realizada con motivo deste traballo, como naquela

interiores aos perigosos ventos de cambio que supón a chegada de Felipe González ao poder:

Aínda que cambiasen os tempos e de novo os malos ventos volvan soprar sobre a nosa patria. Pero agora tampouco vai vir unha república así como así, aquela camisa azul que cubriu o meu peito, aínda hai moitos peitos xuvenís dispostos a vestila outra vez. [...] Pero que non se enganen, porque Deus sempre estará da nosa parte (*OTENP*: 35).

Don Baldomero, representante dunha ideoloxía puramente fascista, mostra a que sería a posición dos franquistas ante a chegada da democracia e, nese momento, ante o triunfo do socialismo. Esa é principal función do personaxe, que ao longo dos seus discursos xustifica o golpe de Estado do 36 e a crueza da represión pois, segundo el, todo o malo en que se converteu o país foi mellor ao que traía a República. É por isto que olla con medo o regreso ao poder da esquerda e do progresismo, establecendo un paralelismo cos acontecementos políticos de 1931:

Despois de tantos anos, parece que agora as cousas queren volver á situación anterior, como se todos os nosos sacrificios e as nosas loitas daqueles tempos non servisen para nada. De novo o marxismo ateo intenta destruír outra volta a convivencia entre os españois, cando un xa se atopa vello e sen forzas para loitar (*OTENP*: 118).

Parécenos especialmente significativa esta vinculación establecida entre o presente e a época anterior á sublevación militar e a reflexión que iso provoca tanto no personaxe do cura como no de Maximiliano Barral, quen representa a xeración dos netos da guerra mais comparte exactamente a mesma visión que o párroco, e así llo fai saber ao anónimo protagonista nunha das súas advertencias para que deixe de desenterrar o pasado: «Agora que desgraciadamente hai en España un goberno socialista, ¿párecete que as cousas van volver á mesma situación da época anterior ó alzamento?» (*OTENP*: 171). A alusión denota unha certa preocupación ante a perda de privilexios que podería supoñer un certo cambio de rumbo na política e a sociedade españolas. No entanto, a insistencia na identificación do novo goberno do PSOE coa España republicana só se produce por parte dos personaxes franquistas e dista moito da visión de, por exemplo, o narrador-protagonista, que incide no inmovilismo na sociedade do ano 1985, tras tres anos de mandato socialista.⁷

Con todo, o discurso do inmovilismo e a herdanza franquista non fica só en mans do narrador-protagonista, senón que se reproduce nalgunhas conversas entre os personaxes secundarios que habitan a pequena vila do Portelo da Moura. É o caso do xa referido diálogo do capítulo 5 entre o vello comunista Ramón Couce e o arxentino Otilio,⁸ quen, como arxentino, achega unha visión externa, de incompreensión absoluta ante a realidade de que os galegos dean «a confianza e a complicidade

altura o PSOE era socialmente percibido como unha forza política situada moi á esquerda e aínda vilculada ao marxismo, aínda que este xa tiña sido abandonado como ideoloxía oficial do partido no ano 1979.

⁷ Nunha conversa con Andrés do Cruceiro, este négase a falar do pasado xustificándose en que iso non provocará que as cousas muden, ante o que o protagonista responde: «Si, e xa vexo que aquí nada cambiou desde o trinteseis» (*OTENP*: 229).

⁸ É significativo que o autor faga que sexan estes dous personaxes quen externalicen estas posicións e relacionen o pasado coa actualidade, pois por idade ambos terían vivido os anos da guerra civil. De feito, Otilio evidencia este dato reprochándolle a Couce a súa inanición e o seu esquecemento do pasado.

e o voto a uns políticos de dereitas que para máis burla son os mesmos que fixeron calar ós seus adversarios pola forza das armas na guerra civil», en referencia aos mesmos comicios electorais de que antes falabamos. Para el, que se erixe nun mero comentarista externo desta realidade,⁹ a conclusión é trasladábel ao ámbito local: «O que vexo é que aquí en Galicia goberna a mesma dereita franquista de antes do setenta e cinco, e no Portelo da Moura hai un alcalde con maioría absoluta no concello que é o herdeiro do que impuxeran os fascistas pola forza despois da guerra civil» (*OTENP*: 182).

O lugar simbólico do Portelo da Moura, que o autor creou inspirándose en varios lugares do interior de Ourense,¹⁰ representa perfectamente, a través da súa metaforización, a realidade que se pretende reflectir. É neste sentido que o discurso crítico a nivel xeral adquire unha clave local –ámbito en que se faría notar o inmovilismo sociopolítico do ano 85– e pasa de ser unha posición ou opinión do narrador a se mostrar na propia acción narrativa. O feito, referido en numerosas ocasións na novela, de que continúen mantendo o poder na vila aqueles que expropiaran as terras da familia dos Zoqueiro e que obrigaran a Tomás Pazos ao exilio décadas atrás non é comprensíbel para o protagonista nin tampouco para o personaxe arxentino. Na mesma conversa á que vimos de aludir, este último establece un claro paralelismo entre as ideas anteriormente expostas e o caso local:

E agora que din que todo cambiou [...], ou polo menos eso é o que queren facer crer, aí se-guen eles, a disfrutar da posición que acadaron por medio do exterminio das únicas xentes de ben que había no Portelo, en Galicia e en España enteira. E os que debían denuncialos encóbrenos co seu medo e co seu silencio (*OTENP*: 183).

A medida que avanza a novela imos descubrindo, efectivamente, que o control exercido polo clan Barral na vila vai máis alá de amedrentar puntualmente ao técnico de minas para que deixe de investigar. As evidencias do caciquismo e do medo que personaxes como Maximiliano Barral –neto de Laurentino Barral, o vello inimigo dos Zoqueiro que fora nomeado alcalde tras o golpe de Estado do 36– provocan na poboación vanse sucedendo ao longo do relato, mais o anónimo o protagonista só toma consciencia da gravidade do asunto cando Basilio lle suxire que a morte de Charo puido ser causada polo propio marido, coñecedor das relacións entre ambos. A importancia deste asunto no conxunto da obra reflíctese na reflexión final con que o narrador pecha a novela, unha vez sabe da nova morte que se producira na vila en estrañas circunstancias tras a súa marcha:

De repente volveume entrar a urxencia de regresar ó Portelo e empezar de novo a facer preguntas. Pero desta vez non con idea de redactar unha hipotética historia, ou conto, ou novela, labor –por outra parte– para o que non me sentía dotado á vista dos resultados acadados na miña primeira tentativa, senón coa intención de facer canto me fose posible

⁹ A nacionalidade arxentina do personaxe xustifica a súa posición de mero observador, pois nin participou directamente nos episodios en cuestión nin se vería obrigado a tomar parte por un ou outro bando. Neste sentido, a súa constitúe a visión máis obxectiva dos feitos, ou iso é o que o autor pretende representar.

¹⁰ O autor ten revelado que O Portelo é unha mestura de varias vilas como Castro Caldelas ou Viana do Bolo e o seu entorno.

para levar ós tribunais e sentar no banco dos acusados a Maxi barral, o máis conspicuo expoñente daquela caste que accedera ó poder en mil novecentos trinteseis e que, na vila, como en tantos outros sitios, aínda continuaba a mantelo (OTENP: 261).

5. Conclusión

Consonte o visto até aquí, podemos afirmar que a lectura e estudo da mímese de memoria n' *O tempo en ningunha* contribúe, sen dúbida, a un mellor coñecemento das dinámicas da memoria cultural na sociedade galega dos anos oitenta. Martínez Oca non só documenta e ficcionaliza con acerto a «suspensión da memoria» que caracterizou os primeiros anos da democracia, senón que coloca este tema no centro da trama e presenta debates entre os personaxes que escenifican os «conflito de memorias» (Jelin 2002) que ocuparán o espazo público galego e español a partir do ano 2000 e que, de feito, o ocupaban no momento de publicación da obra, entre dúas versións diverxentes sobre como debe ser tratado o recordo e os restos físicos da guerra e a ditadura (Gómez López-Quiñones 2006: 20-22). A este respecto, a novela reforza o seu compoñente meta-memorialístico perfilando xa na sociedade do ano 85 as dúas posturas que se van enfrontar nese debate: por un lado, os partidarios de recuperación da memoria, pertencentes á xeración dos netos e a diferentes ámbitos da esquerda intelectual e política e, no caso galego, da esquerda nacionalista, representados polo protagonista e por Basilio Abella; e, polo outro, a Igrexa e a dereita política, herdeira en boa parte da tradición franquista, que se opón a «remover o pasado» e «reabrir vellas feridas», representados en primeira instancia polos Barral.

Para alén diso como exercicio performativo, a novela proxecta un discurso comprometido co que se posiciona de maneira clara no debate da esfera pública contemporánea. Na liña dos discursos de recuperación da memoria das vítimas da guerra e do franquismo, Martínez Oca defende a necesidade de saber e emite unha forte crítica contra a xestión do proceso transicional, o pacto de reconciliación e o silencio imposto ou o triunfo das elites franquistas e dos seus herdeiros na política do momento. Como a análise historiográfica de Velasco Souto documenta (2012b: 235-236), *O tempo en ningunha parte* ficcionaliza o fardel –de medo, submisión ou desconfianza cara á política– que os galegos e galegas carretaron da ditadura para a democracia, mais tamén a transferencia para a nova realidade das elites sociais e políticas herdadas dun pasado de corrupción, mediocridade e autoritarismo que, segundo parecía, se resistía a morrer.

Referencias bibliográficas

- AGUILAR FERNÁNDEZ, Paloma (1996), *Memoria y olvido de la guerra civil española*, Madrid: Alianza Editorial.
- AGUILAR FERNÁNDEZ, Paloma – PAYNE, Leigh A. (2018), *El resurgir del pasado en España. Fosas de víctimas y confesiones de verdugos*, Barcelona: Taurus.
- ARAGUAS, Vicente (2004), «Escenas bélicas», *Diario de Ferrol «Nordésia»*, 21.
- BERNECKER, Walther L. – BRINKMANN, Sören (2009), *Memorias divididas: Guerra Civil y franquismo en la sociedad y la política españolas (1936-2008)*, Madrid: Abada Editores.

- CUÑADO, Isabel (2007), «Despertar tras la amnesia: guerra civil y postmemoria en la novela española del siglo XXI», *Dissidences* 3 [disponible en: <<https://digitalcommons.bowdoin.edu/dissidences/vol2/iss3/8>>, 14/01/2019].
- DOMÍNGUEZ, Andrés – SOMOZA, Antonio (2013), «Victimas y memoria del 36: De la resistencia callada al voto en la transición», *Memória antifranquista del Baix Llobregat* 9/13, 74-77.
- ERLL, Astrid – NÜNNING, Ansgar (2016), «Conceitos e métodos para o estudo da literatura e/enquanto memória cultural», en MOTA ALVES, F. – AFONSO SOARES, L. – VASCONCELOS RODRIGUES, C. (eds.), *Estudos da memória. Teoria e análise cultural*, Ribeirão: Edições Húmus, 245-266.
- ERLL, Astrid – RIGNEY, Ann (2006), «Literature and the production of cultural memory: Introduction», *European Journal of English Studies* 10/2, 111-115.
- ESPINOSA MAESTRE, Francisco (2006), *Contra el olvido. Historia y memoria de la Guerra Civil*, Barcelona: Crítica.
- EYRÉ, Xosé Manuel (2004), «O desenmascaramento do clan Barral», *A Nosa Terra*, abril, 26.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2009a), *Facendo historia con memoria*, Santa Comba: TresCTres.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2009b), «Actitudes sociales y políticas en la denominada recuperación de la memoria histórica. Galicia. El proyecto de investigación interuniversitario “Nomes e voces”», *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea* 8, 131-157.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2011), «Conservación y olvido de los pasados incómodos en las sociedades contemporáneas», en REY TRISTÁN, E. – CAGIAO VILA, P. (eds.), *Conflicto, memoria y pasados traumáticos: El Salvador contemporáneo*, Santiago de Compostela: USC, 95-120.
- GALLEGO, Ferran (2008), *El mito de la transición. La crisis del franquismo y los orígenes de la democracia (1973-1977)*, Barcelona: Crítica.
- GÓMEZ LÓPEZ-QUIÑONES, Antonio (2006), *La guerra persistente. Memoria, violencia y utopía: representaciones contemporáneas de la Guerra Civil española*, Frankfurt-Madrid: Iberoamericana-Vervuert.
- GÓMEZ LÓPEZ-QUIÑONES, Antonio (2011), «La misma guerra para un nuevo siglo: textos y contextos de la novela sobre la guerra civil», en ÁLVAREZ-BLANCO, P. – DORCA, T. (eds.), *Contornos de la narrativa española actual (2000-2010)*, Madrid: Iberoamericana-Vervuert, 111-119.
- HANSEN, Hans Lauge – CRUZ SUÁREZ, Juan Carlos (2012), «Literatura y memoria cultural en España (200-2010)», en HANSEN, H. L. – CRUZ SUÁREZ, J. C. (eds.), *La memoria novelada. Hibridación de géneros y metaficción en la novela española sobre la guerra civil y el franquismo (2000-2010)*, Berna: Peter Lang, 21-41.
- HUYSEN, Andreas (2002), *En busca del futuro perdido. Cultura y memoria en tiempos de globalización*, México D. F.: Fondo de Cultura Económica.
- JELIN, Elizabeth (2002), *Los trabajos de la memoria*, Madrid: Siglo XXI.
- MARTÍNEZ BOUZAS, Francisco (2004), «Un novo axuste de contas co noso pasado e co presente», «*Correo das Culturas*» *El Correo Gallego* 7 de marzo, 3.
- MARTÍNEZ OCA, Xosé Manuel (2003), *O tempo en ningunha parte*, Santiago de Compostela: Espiral Maior.

- NEUMANN, Birgit (2016), «A representación literaria da memoria», en MOTA ALVES, F. - AFONSO SOARES, L. - VASCONCELOS RODRIGUES, C. (eds.), *Estudos da memória. Teoría e análise cultural*, Ribeirão: Edições Húmus, 267-278.
- RUIZ TORRES, Pedro (2007), «Los discursos de la memoria histórica en España», *Hispania Nova 7* [disponible en <<http://hispanianova.rediris.es/7/dossier/07d001.pdf>>, 14/01/2019].
- SANTAMARÍA COLMENERO, Sara (2013), *La palabra como acontecimiento: Segunda República, Guerra Civil y posguerra en la novela actual (1990-2010)*, Tesis doctoral [disponible en <<http://roderic.uv.es/handle/10550/36893>>, 14/01/2019].
- THOMPSON, John (2009), *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*, Vigo: Galaxia.
- VELASCO SOUTO, Carlos (2012a), «A memoria colectiva como elemento sustentador da identidade. Represom franquista e restauraçom da memoria democrática na Galiza», en GODINHO, P. (ed.), *Usos da memória e prácticas do património*, Lisboa: Edições Colibri-Instituto de Estudos de Literatura Tradicional, 61-81.
- VELASCO SOUTO, Carlos (2012b), *Franquismo seróidío e transiçom democrática na Galiza (1960-1981): para unha interpretación politicamente incorreta do noso pasado recente*, Santiago: Laiovento.
- VILAVEDRA, Dolores (2006), «A Guerra Civil na narrativa galega: un ámbito moral», *Grial* 170, 118-123.
- VILAVEDRA, Dolores (2015), «Literatura en el espacio público. Rivas y su obra: un punto de inflexión en la recuperación de la memoria histórica», *Olivar* 16/24 [disponible en <http://www.memoria.fahce.unlp.edu.ar/art_revistas/pr.7352/pr.7352.pdf>, 14/01/2019].

